

**“Jesús, que cruz me caeu contigo”
TEATRO LOPE DE VIGO**

O vindeiro venres día 22 de maio ás 20:30 horas no Edificio de Servicios Múltiples do Burgo, terá lugar a cuarta das funcións teatrais que forman parte do programa dos Encontros Culturais de Primavera .Letras Galegas 2009 que organiza a Concellería de Cultura coa representación da obra **“Jesús, que cruz me caeu contigo”** orixinal de Julián Rodríguez Novo a cargo da compañía teatral **TEATRO LOPE DE VIGO** e baixo a dirección de Julián Rodríguez.

Despois do éxito do programa denominado “Primavera Máxica” na que participaron catro dos mellores magos galegos tócalle o turno ao teatro un total de sete representacións das mellores compañías teatrais galegas como son Sarabela Teatro, Redrum Teatro, Lagarta, Lagarta ,Teatro Lope de Vigo , Sal Monela Teatro, Ancora Producións ou a Escola Municipal de Teatro de Culleredo ou entre outras, que pasaran por Culleredo dende o vindeiro venres ata finais do mes de xuño. Destacar a estrea absoluta da obra “Logomonos”, a cargo de Áncora Producións o vindeiro 19 de xuño, compañía que nos últimos anos está a acadar numerosos éxitos na escena teatral.

Son xa máis de 20 anos de programación teatral estable no Concello de Culleredo. Ao longo deste tempo foron numerosos os esforzos dedicados a poder conseguir consolidar unha oferta teatral regular. Pero a constancia e a perseveranza dan os seus froitos e hoxe Culleredo é un referente neste ámbito artístico: son máis de vinte as representacións teatrais que, entre as tempadas de primavera e outono, se ofrecen ao cada día máis numeroso público.

O vindeiro venres día 22 de maio ás 20,30 horas, contaremos coa representación da obra “Jesús, que cruz me caeu contigo” a cargo de Teatro Lope de Vigo.

Teatro Lope de Vigo chega a Culleredo coa súa última creación a cargo de Julián Rodríguez tralo éxito de crítica de “Ide todos ao inferno”, a compañía viguesa a repite cunha comedia ácida para todos os públicos, neste caso coa impagable colaboración dunha estrela galega de primeira orde, coma Uxía Blanco...o mesmo equipo e con algunha fichaxe importante e máis medios tratarán de seguir facéndonos rir.

“Jesús, que cruz me caeu contigo” e unha comedia que mixtura unha proposta plástica atractiva e un discurso dramático orixinal, ambos innovadores, é o resultado que persigue este grupo de teatro, sin perder de vista ese elemento autóctono tan interesante.

Conta a leyenda que o demo era vermello, ben delegado sindical, dunha empresa chamada PARAÍSO...

O elenco desta función está integrado por Julián Rodríguez, Marta Lado, Javier de Octavio de Toledo e Miguel Ferreiroa Barros.

Está recomendada para público adulto e os prezos das entradas son de 2,50 € para público en xeral e 1,25 € para estudantes e maiores de 65 anos.

Culleredo, 18 de maio de 2009

O CONCELLEIRO DE CULTURA

Asdo.: Celestino Poza Domínguez

